

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

RESOLUCIÓN do 22 de novembro de 2013, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se anuncia a exposición das listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas dos criterios de repartición do fondo de acción social do exercicio económico 2012, relativos á axuda para a atención de persoas discapacitadas para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido na norma 7.3 dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2012, relativos á axuda para a atención de persoas discapacitadas, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia do 21 de marzo de 2013 e publicados pola Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 1 de abril de 2013 (DOG número 68, do 9 de abril), o anuncio de exposición das listaxes definitivas de admitidos e excluídos publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Dado que nas listaxes preceptivas figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos o de saúde protexidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/das solicitantes ou dos/das causantes das axudas, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Dando cumprimento ao prescrito, esta dirección xeral, transcorrido o prazo de alegacións previsto no punto segundo da Resolución do 13 de setembro de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 179, do 19 de setembro) e unha vez concluídos os traballos de revisión das reclamacións presentadas,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no *Diario Oficial de Galicia*, como anexo a esta resolución, a distribución final da concesión das axudas do fondo de acción social do exercicio económico do ano 2012.

Segundo. Facer públicas as listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas dos criterios de repartición do fondo de acción social do exercicio económico 2012 relativos



á axuda para a atención de persoas discapacitadas na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública <http://funcionpublica.xunta.es/?q=FAS>

Para o coñecemento íntegro do acto as persoas solicitantes deberán introducir nos espazos habilitados para o efecto o NIF e mais o código de impresión da súa solicitude.

Segundo. Contra a resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2013

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Tipo de axuda	Entradas	Aprobadas	Denegadas	Importe en euros
1. Discapacitados	813	673	140	859.755,94

